



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

Expediente núm. 2025/E001/000001
2025/G003/001813

DECRETO POLO QUE SE CONSTITÚE LISTA DE ESPERA (BOLSA DE TRABALLO) DE LIMPADOR/A

ANTECEDENTES DE FEITO

Mediante o Decreto núm. 1427/2025, do 18 de xuño, e modificado polo decreto núm. 1517/2025 do 30 de xuño, procedeuse á convocatoria do proceso selectivo encamiñado á constitución dunha lista de espera ou bolsa de traballo de limpador/a, para satisfacer as eventuais necesidades de persoal desta categoría profesional. A referida resolución aprobou as bases reitoras da convocatoria.

O anuncio da convocatoria e as súas bases foi publicado no *Boletín Oficial* da Provincia (BOP) núm. 120, do 26/06/2025 (anuncio da modificación no BOP núm. 126, do 04/07/2025).

O prazo de presentación de solicitudes principiou o 27 de xuño e rematou o 18 de xullo de 2025.

A través do Decreto 1640/2025, do 23 de xullo, foi aprobada a lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas. Ao non existir persoas excluídas, esta lista pasou a ter carácter de definitivo no mesmo acto.

O proceso so selectivo (oposición) tivo lugar o día 30 de xullo de 2025, desenvolvéndose a fase de concurso o día 7 de agosto.

FUNDAMENTOS LEGAIS

A base núm. 6 das que rexen na convocatoria trata do resultado do proceso selectivo e da súa publicación.

Pola súa vez a base núm. 7 establece que as persoas aspirantes que superasen o exercicio do proceso selectivo e, se é o caso, a proba de galego, e tras efectuar a avaliación na fase de concurso, serán propostas polo tribunal, por orde decrecente de puntuación para a creación dunha lista de espera ou reserva.

Os resultados do proceso selectivo foron publicados o 07/08/2025, concedendo o prazo de reclamacións de tres días hábiles referido nas bases reitoras do procedemento, sen que se presentase ningunha reclamación. Ao existir un empate entre dúas persoas aspirantes este se resolveu en acto público o 08/08/2025.

O órgano de selección efectuou a súa proposta de lista de espera (bolsa de traballo), polo que procede ditar resolución aprobatoria da mesma e dispoñendo, así mesmo, a súa publicación.

A atribución para ditar a presente resolución correspóndelle á concelleira-delegada da Área de Promoción Industrial, Xestión Económica, Emprego, Seguridade e Atención Cidadá, por mor do disposto no Decreto núm. 2000/2024, do 4 de novembro, modificado polo Decreto núm. 2001/2024 de 5 de novembro, de delegación de competencias nos membros da Corporación municipal (BOP núm. 216, do 08/11/2024).



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1º) **Aprobar a lista de espera (bolsa de traballo) de limpador/a** integrada polas persoas aspirantes que a seguir se indican, de acordo coa proposta elaborada polo tribunal de selección e segundo o resultado do proceso selectivo:

ORDE	NOME	DNI
1	Blanco Cazás, María Dolores	***1496**
2	López Pena, Ana María	***1459**
3	Tojeiro Fresco, Carmen	***0937**
4	González Puentes, María Luz	***1647**
5	Antón Rego, Jorge	***6290**
6	González Balseiro Delfina	***1684**
7	Pardo García, María Belén	***1346**
8	López Bermúdez, Ana Belén	***1715**
9	Blanco Pico, Dosinda	***1640**
10	Soto Soto, María Enma	***4732**
11	García Pena, María del Mar	***0180**
12	Prieto Franco, María Carmen	***0995**
13	Caínzos Prieto, María Carmen	***1620**
14	Castro Freire, Martín	***6151**
15	Faus Almiñana, Genma	***1220**
16	Pita Piñon, María Isabel	***5905**
17	Almeida Alonso, Raquel	***6346**
18	Loureiro López, Paula	***9713**
19	Moreiras Sánchez, María José	***9520**
20	Ferreiro Bellas, María del Carmen	***0936**
21	Cabanas Ramos, María Remedios	***6932**
22	Arriví Ramil, María Noelia	***9017**
23	Arias Patiño, Leonor	***6342**
24	Fernández Paz, Lorena	***4127**
25	Chao Barro, Teresa Laura	***1286**
26	Vega Díaz, Alba	***3830**
27	Martínez Castro, Jesusa	***0998**
28	Castro López, Marta	***1121**
29	Vega Díaz, Tamara	***4417**



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV

2.. **Publicar** esta resolución no taboleiro electrónico do concello (<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/informacion/>) e na páxina *web* municipal, para os efectos de coñecemento por parte do persoal aspirante e de impugnacións e recursos.

Esta resolución, que pon fin á vía administrativa, pode ser recorrida mediante a interposición de recurso potestativo de reposición ante a Concellaría Delegada competente, no prazo dun mes a contar desde a súa publicación no taboleiro electrónico, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou directamente a través da interposición de recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol -ou o que resulte competente se a persoa recorrente fai uso da facultade de elección que lle permite o artigo 14.1, regra segunda, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións coide oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

As Pontes de García Rodríguez, na data da sinatura electrónica

O alcalde en funcións (por delegación do decreto núm. 1621/2025 do 31 de xullo)

Manuel Rodríguez López



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D

<https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: SIV